

CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA E A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E O INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO, PARA O DESENVOLVEMENTO DO SISTEMA DE INFORMACIÓN URBANA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director do Instituto de Estudos do Territorio, organismo autónomo adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, **DECLARA:**

Que o Instituto de Estudos do Territorio, xunto coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por parte da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, formalizou co Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 30.04.2021 (publicado no BOE núm.102, do 29 de abril de 2021) ata o 30.04.2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Fortalecer a colaboración institucional para o intercambio de información relacionada co planeamento urbanístico tendo en conta as recomendacións xeradas no seo do GTSIU, así como a incorporación ó sistema da devandita información.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana presentoulles ás comunidades autónomas o Sistema de Información Urbana (en diante, SIU), que

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 755 / 56
secretaria.iet@xunta.gal
cmatv.xunta.gal



recole a Disposición adicional primeira do Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, aprobado por Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, que ten por obxecto promover a máxima transparencia a través da publicación e difusión de información sobre solo e urbanismo en España. O SIU concíbese como un sistema cooperativo que está coordinado cos sistemas de información das distintas administracións competentes na materia e que ten, como principais obxectivos, os seguintes:

- Incorporar transparencia no solo e urbanismo, como ferramentas de xestión pública e privada e vehículos de información cidadá.
- Coñecer o planeamento en vigor.
- Coñecer a dispoñibilidade de solo e a evolución na súa ocupación.
- Incorporar información de oferta e demanda de vivendas e outros usos.
- Asegurar a compatibilidade con outros sistemas nacionais e europeos.

O Grupo de Traballo do SIU (GTSIU), creado o 26 de xuño de 2008 e integrado por representantes do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, Comunidades Autónomas, Entidades Locais e doutras institucións e organismos relacionados coa información territorial, ten o cometido de facilitar a cooperación e coordinación entre tódolos seus integrantes e consensuar uns contidos temáticos comúns mínimos accesibles a través de tecnoloxía estandarizada.

A formalización deste convenio vaille permitir ás partes asinantes implantar accións encamiñadas a establecer a necesaria coordinación e complementación para que a información urbanística sexa efectivamente accesible e pública ó máximo nivel.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 755 / 56
secretaria.iet@xunta.gal
cmatv.xunta.gal



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria dixitalmente, en Santiago de Compostela, a 7 de decembro de 2022.

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 755 / 56
secretaria.iet@xunta.gal
cmatv.xunta.gal

